

# EL VIEJO PANCHO

XENIAL RIBADENSE DE ALMA GAUCHA



RIBADEO



XUNTA  
DE GALICIA



*Alonso y Trelles, por Hermenegildo Sabat*

**AUTOR: XULIO XIZ**

**SUPERVISIÓN: GUSTAVO SAN ROMÁN**

**UNIDADES DIDÁCTICAS:**

**1º CICLO EP: NAHIR MARTÍNEZ ÁLVAREZ**

**2º CICLO EP: SANDRA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ**

**3º CICLO EP: VANESA GARCÍA LÓPEZ**

**ESO: ELSA ÁLVAREZ PIÑEIRO / ISABEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ**

# EL VIEJO PANCHO

## XENIAL RIBADENSE DE ALMA GAUCHA

### ÍNDICE (clic en cada sección para acceder)

INTRODUCCIÓN

1 "EL VIEJO PANCHO", PERIPECIA VITAL

2 ARMADO COA PALABRA

3 PALABRAS SOBRE O MAGO DA PALABRA

4 O HOME E O ESCRITOR

5 ALGÚNS POEMAS FAMILIARES E RACIAIS DE "EL VIEJO PANCHO"

6 BIBLIOGRAFÍA

UNIDADE DIDÁCTICA – 1º CICLO PRIMARIA

UNIDADE DIDÁCTICA – 2º CICLO PRIMARIA

UNIDADE DIDÁCTICA – 3º CICLO PRIMARIA

UNIDADE DIDÁCTICA - ESO

## INTRODUCCIÓN

José María Alonso-Trelles y Jarén, ribadense de 1857, coñecido universalmente como “El Viejo Pancho” é o máis admirado dos poetas criollos rioplatenses. Cúmprense agora (28 de xullo de 2024) os 100 anos do seu pasamento, polo que o concello de Ribadeo, a súa cidade natal, decide que é o momento perfecto para que os galegos de hoxe, especialmente os ribadenses, pequenos e maiores, poidan achegarse a esta histórica figura nosa, que fixo patria máis aló do gran mar, revalidando a histórica irmandade entre Galicia-España e o Uruguai pola palabra e pola escrita, polo sentimento e pola vida.

Asomémonos á vida e obra do noso ilustre paisano, conquistador e conquistado polo Uruguai, figura senlleira da historia dese país, cerna ribadense con alma gaucha, sempre na memoria das xentes de Ribadeo.

# 1 "EL VIEJO PANCHO", PERIPECIA VITAL

NOTA:

*Cursiva e negriña: palabra de "El Viejo Pancho"*

*En terceira persoa, na súa "Autobiografía"*

## 1.1 A SÚA VIDA

José María Alonso Trelles y Jarén, naceu en Ribadeo o 7 de maio de 1857 na daquela chamada Calle de las Angustias e logo de Antonio Otero. En 1946, a un tramo da rúa mantívoselle o nome, e á outra parte, onde está a casa natal do escritor, déuselle o de "El Viejo Pancho". Era fillo de Francisco Alonso Trelles (asturiano) e Vicenta Jarén (galega). O mesmo día foi bautizado na igrexa parroquial de Santa María do Campo.

Seu pai fora nomeado polo concello de Ribadeo en 1847 axudante da escola de instrucción elemental da vila. Casara en primeiras nupcias con Manuela García, da que enviuvou, sen fillos. Casaría con Vicenta Jarén en 1848.

Aos 6 anos, a familia – Ademáis de José, os fillos Paco (que morrería na emigración de Puerto Rico), Ramón, Carmen e Amalia - marchou a Navia (Asturias), onde seu pai ten praza como director da escola da localidade. Na escola, é amigo dun neno tres anos maior, Rafael Fernández Calzada, que tamén emigraría a América onde acadaría relevancia política e literaria.

***A los siete años era periodista y fabricante de estampitas para cartas de amor. Preparaba, con carbón en polvo, papel de calcar, y en menos tiempos del que emplea un cura cuerdo en cantar el "Dies Irae" en funeral de cinco pesos, tiraba tres ejemplares (para tres únicos suscriptores que no pagaban y que posiblemente no sabían leer), de un "semanario" que salía una vez por mes. Con el producto de las estampillas postales pagaba el cartero que distribuía entre la grey infantil cartas amorosas y que un día sí y otro no también recibía un plus de patadas en parte muelle. A la altura de su brazo no había en la villa pared enjabelgada que no profanara con monos "preraphaelistas" su pecadora mano.***

Sábese que xa de neno era devoto do fútbol, e o Club Central de Uruguai, nun diploma que lle concedeu como autor de "Paja brava", afirma que o libro é un "formidable goal" que o consagra "Campión da xenuina versificación criolla".

Na adolescencia volve a Ribadeo para estudar peritaxe mercantil na Escola de

Náutica e Comercio entre outubro de 1872 e xuño de 1875. Apunta Gustavo San Román – recurrido a Dionisio Gamallo Fierros - que “sacou un sobresaínte en Contabilidade pero non se presenta ou non aproba Geografía fabril o comercial”.

*En la cabeza no había quien le hiciese entrar ni conjugaciones ni logaritmos, lo que no obstó para que le obligaran a cursar la carrera de comercio y “doctorarse” perito mercantil. Para después, en vitandas distracciones, “poblar” de monos y cuartetos ripiosas las márgenes del “Diario” y del “Mayor”.*

Emigrou aos 18 anos á Arxentina cun compañeiro de estudo, Emilio Rodríguez, (**Arribó a esta América siendo muy niño, sin sueños de ambición**), vivindo dous anos en Chivilcoi (Bs. Aires), para despois establecerse en Montevideo (setembro de 1877), e por fin en El Tala, do departamento de Canelones (Uruguai), distante uns oitenta kilómetros da capital.



Tresses, poco tiempo después de llegar al país.  
El niño que lo acompaña es el después

Cando chega a Uruguai, os inmigrantes son xeralmente ben acollidos, e a realidade é que a cuarta parte dos habitantes do país eran españois, e destes, o sesenta por cento galegos. Naqueles tempos, o gaucho semi nómada, loitador nas guerras de independencia nas filas dos caudillos criollos, convertírase en peón rural eventual.

El Tala fundárase uns anos antes para asentar familias inmigrantes,

especialmente canarias. Aínda agora, aos habitantes de Canelones chámanlles canarios.

***Vacilando entre irse a la Pampa en busca de "Martín Fierro", o rendirse al yugo de la civilización, optó – no sin honda pena – por lo último, y se vino al Uruguay. Donde, mientras "barbaba" escribió medio millón de renglones desiguales, que leyó él solo y quemó a el fuego misericorde, no salvándose otra cosa que un poema, Juan el Loco, que le publicó su hermano de corazón y maestro, el malogrado poeta Orosmán Moratorio, y del que no tuvieron conocimiento las autoridades, porque no se sabe que estuviera recluido en Vilardebó (Hospital psiquiátrico de Montevideo) el autor, se entiende.***

En 1881 trasládase a Río Grande do Sul, no Brasil, para traballar de tenedor de libros nunha casa comercial, onde estivo tres meses enfermo polo cambio de clima.

***Un año antes de casarse se trasladó a la provincia de Rio Grande (sur de Brasil), donde permaneció cuatro años regenteando una casa de comercio. Y tuvo ocasión de convivir con la gente del campo, estudiar sus costumbres y mezclarse a sus faenas ganaderas. Todo lo que había de determinar más tarde sus preferencias literarias.***

En El Tala (antes e despois do tempo no Brasil) traballou como contador nun comercio, casando (31.08.1882) cunha das fillas de Juan Ricetto, o dono, Dolores Ricetto Asuaga.

Seu pai faleceu en Navia (Asturias), o 21 de marzo de 1883,

A primeira filla, Vicentina, nacería en 1884. Pasaron logo a vivir a Sarandí Garupa, para volver a El Tala en 1887.

***Retornó a Canelones en 1887, sentando sus reales en el Tala, - que él llama irónicamente "su Arcadia" – y antes de revelarse grafómano irredimible en la prensa departamental.***

En Tala foi socio do seu sogro no negocio comercial, para logo (1894) dedicarse ao estudo libre do Notariado na Facultad de Derecho de Montevideo.

***Exigencias económicas que minaron el alcázar de sus sueños, sometieronlo al imperio de las realidades dolorosas, y sintiendo que***

*algo faltaba a su capacidad para no caer vencido en la lucha por el mendrugo, cursó la carrera del notariado, alternando el estudio del derecho con sus lecturas favoritas.*

En 1892 envía á súa nai un "Devocionario castellano", editado en París, o que evidencia a súa preocupación relixiosa.



*Autocartoon de Alonso y Trelles (01/09/1895)*

En maio de 1895 falece a súa primeira filla, Vicentina. Escríbelle a súa nai unha carta ateigada de dor. A perda da filla faille escribir:

*Con la ansiosa pupila dilatada  
voy buscando tu imagen en las sombras,  
y apercibo mi oído en el silencio,  
para oír si me nombras.  
Porque sueño en que tu ¡pobre hija mía!  
para atenuar de mi dolor el peso,  
el cielo has de dejar por consolarme,  
del cielo has de venir a darme un beso.*

Integrado na sociedade de El Tala, foi secretario da primeira Comisión Auxiliar da cidade e vicepresidente da Sociedad Cosmopolita de Socorros Mútuos.



O 25 de setembro de 1902 adquire a nacionalidade uruguaia ("*después de vencer escrúpulos casi irreductibles*", confesa) que lle era imprescindible para exercer o Notariado.

En outubro de 1906, embarcou para España para visitar a súa nai, que vivía en Castropol, e aos seus irmáns Ramón (xefe de Teléfonos en Castropol) e Carmen e Amalia (mestras). Estivo en Ribadeo en novembro. O 23 de decembro emprendeu en Vigo o regreso.

En 1908 foi elixido Deputado do Parlamento Nacional uruguaio polo departamento de Canelones dentro do Partido Blanco ou Nacionalista, destacando polo seu talento, a súa elocuencia e a defensa do poder municipal. Estaría no cargo ata 1911.

Cando accede ao Parlamento, o periódico "El Derecho", aínda que de inspiración diferente, di del que é "*Home de intelixencia clara e sutil*" que "*no seu modesto retiro do Tala, ten estudiado moito, posuíndo unha vasta erudición literaria, coñecementos xerais extensos en cuestións sociais, que o habilitarán para tratar con acerto as que se susciten no seo da cámara*".



En febreiro de 1909, a súa nai faleceu en Castropol.

Despois de 1911, pasou a vivir a Montevideo polos estudos dun fillo.

O 8 de xaneiro de 1922 a cidade de San José, unha das máis populosas do país,

aclámao como o mellor cantor gauchesco e a Municipalidad de El Tala dalle o seu nome a unha rúa.

En outubro de 1923, comeza en Montevideo un ciclo de conferencias sobre a vida e obra do autor, con repercusión en todo o país.

Reséntese a súa saúde, que se complica cunha peritonite, e morreu en Montevideo, no Sanatorio Español, o 28 de xullo de 1924. O seu cadáver foi trasladado polo campo desde Montevideo a El Tala, para ser soterrado no cemiterio da súa Arcadia vital.

*Hoy que cansao de penar  
Le tengo hasta asco al vivir,  
Y se me hace que morir  
Es no más que descansar...*

Na súa partida de defunción consta como "español(c.legal)" de 64 anos, de profesión "literato", casado con Dolores Ricceto, que deixa seis fillos: Josefina, Lola, Aída, Francisco, Homero e Aribán. A indicación "c.legal" quere indicar que era "cidadán oriental (uruguaio) legal".

## 1.2 VIDA DESPOIS DA VIDA

Anos despois da súa morte, Carlos Gardel, que consideraba a El Viejo Pancho "un monumento", rendulle homenaxe de admiración, cantando e gravando catro cancións sobre poemas do noso persoeiro.

- "*Hopa, hopa, hopa!*", gravada en Buenos Aires en 1927, con música de Roberto Fugazot, canta o diálogo cun arreeiro que personifica o desengaño.
- "*Insomnio*", con música de Américo Chirif (Bs. Aires, 1927), con lembranzas amorosas da mocidade que fan que a un vello resulten tan longas as noites de inverno.
- "*Como todas*" (Chirif. París, 1929), é a historia dun gaucho finado que fora traizoado polo seu amor.
- "*Misterio*" (Chirif. 1930), é un canto de amor e de desdén.

O cantautor Alfredo Zitarrosa, nunha das súas cancións, recolle o poema "De la lucha"; Julio Sosa cantou "Como todas", e Eduardo Fabini musicou "Luz mala", "Remedio" e "La Güeya".

En 1941, déronlle o seu nome a unha rúa e unha praza no barrio de Pocitos, en Montevideo. E en 1943 plantouse un "ceibo", árbore nacional uruguaia, e colocouse unha placa conmemorativa na praza do seu nome.

En 1946 rendeuse en Ribadeo unha gran homenaxe a Trelles, promovida polo escritor e profesor ribadense Dionisio Gamallo Fierros ao cumprirse os 22 anos da súa morte. Dionisio Gamallo Fierros (daquela) e Gustavo San Román (na actualidade) téñense acreditado como os perfectos coñecedores e maiores devotos de "El Viejo Pancho"

O punto de partida hai que buscalo en que Gamallo, xunto co Consul uruguaio na Coruña, Raimundo J. Pascal falaron de Trelles en R.N.E. (13 de marzo), nova que cruzou o Atlántico, despertando o interese en Galicia e no Uruguai. Dous días despois, no Paraninfo da Deputación provincial de Lugo, pronunciou a conferencia "Un provinciano de Lugo: José Alonso Trelles, "El Viejo Pancho".



*El Progreso, 15/01/1946*

Na homenaxe -en marzo e xullo- houbo charlas, concursos, concertos, misa, discursos, actuacións musicais e da Coral de Ribadeo, bailes, recitais poéticos, exposición de arte e un partido de fútbol entre Navia e Ribadeo, participando nos actos representantes de Navia, Vegadeo, Castropol e Figueras. No nome da familia agradeceu a homenaxe Paquita A. Trelles, sobriña do autor.



*El Progreso, 28/07/1946*

Na Comisión organizadora, da que Gamallo foi Secretario, formaron parte o Rector da Universidade de Santiago, o Presidente da Real Academia Galega, o Gobernador civil, e ademais de escritores e periodistas, tamén aceptou formar parte da mesma o ministro de España no Uruguai, Juan Pablo de Logendio.

Renomeouse co seu nome un tramo da rúa onde nacera o poeta e colocouse unha placa na casa familiar, obra do escultor ribadense José G. de Sela. O texto da placa, escrito por Gamallo, proclama que

***Aquí nació -para no morir- el 7 de mayo de 1857,  
un ribadense universal: el poeta  
JOSÉ M.<sup>a</sup> ALONSO-TRELLES Y JARÉN,  
que bajo el seudónimo patriarcal y campero de  
"EL VIEJO PANCHO"  
llegó a considerarse como el más alto intérprete  
de la psicología criolla uruguaya.  
Falleció en El Tala el 28 de Julio de 1924.  
Su pueblo natal le ofrenda esta lápida conmemorativa.***



A viúva do escritor fixo chegar ao alcalde ribadense o seu agradecemento e o dos seus fillos pola homenaxe, significando que El Viejo Pancho "*nunca olvidó su solar nativo, que recordaba con amor hasta en sus últimos momentos*".

Na actualidade, a casa onde naceu Trelles, enclavada na "Ruta dos Indianos",

alberga a Delegación de Cultura do Concello de Ribadeo.

En 1956, o escritor Xulio Sigüenza (que viviu un tempo no Uruguai) entra na Real Academia Galega co discurso "Un gallego universal: José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho". O ano seguinte participaría na homenaxe rendida ao escritor en Ribadeo.

A gran homenaxe de Ribadeo ao seu ilustre fillo completouse cos actos celebrados en 1957, igualmente promovidos por Dionisio Gamallo Fierros, e organizados por unha Comisión que contou coa presidencia de honra do Catedrático de Dereito Internacional da Universidade de Santiago, Camilo Barcia Trelles.



**El I Centenario del nacimiento de «El Viejo Pancho»**  
Ribadeo (su pueblo natal) y el Uruguay rendirán al universal poeta un grandioso homenaje.

*El Progreso, 14/04/1957*



**Ribadeo y los españoles del Uruguay rendirán un grandioso homenaje a «El Viejo Pancho»**

*El Progreso, 20/03/1957*



**Solemnes actos conmemorativos del centenario de El "Viejo Pancho", en Ribadeo**  
Fueron presididos por el Gobernador civil y asistieron destacadas personalidades uruguayas y españolas  
Los ministros del Exterior de ambos países enviaron su adhesión

*El Progreso, 08/05/1957*

O máis destacado destas celebracións foi a erección no Parque municipal de Ribadeo dun busto do poeta, obra do escultor uruguaio José Luis Zorrilla de San Martín, doado polos ribadenses residentes naquel país, figurando outro igual en El Tala, e un terceiro en

Montevideo, na praza que leva ao seu nome. E inaugurouse a Biblioteca de Ribadeo, que leva o nome de "El Viejo Pancho", iniciándose as xestións para adquirir a casa natal do poeta.

Viñeron con este motivo a Ribadeo os embaixadores de Arxentina e do Uruguai, e o Ministro de Información y Turismo de España, Gabriel Arias Salgado. Participou, asimesmo, o Alcalde de Vigo, por ser aquel porto o punto de partida do mozo Trelles cara ao Uruguai, e onde chegara desde Uruguai o busto colocado no centro de Ribadeo.

En marzo de 1988, declarouse Monumento Histórico Nacional a casa de "El Viejo Pancho" en Tala.

Anualmente, celébranse en Ribadeo as xornadas "Mar por medio". Nas do ano 1994, o 28 de xullo, Gustavo San Román, escritor e profesor uruguaio, descendente de galegos, falou sobre "El Viejo Pancho", no 70º aniversario da morte de Trelles.

En 1998, Gustavo San Ramón, publica no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades (Xunta de Galicia) "Paja Brava de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles". Inclúe "Juan el loco", "¡Guacha!", "Paja brava", catro obras de teatro inéditas aportadas por Lucho Trelles (neto do escritor), a "Autobiografía" e outros textos.

En 2005 publicáronse as Obras Completas de "El Viejo Pancho", tamén baixo a dirección de Gustavo San Román, que é tradución revisada da anterior, e incorpora novos textos inéditos rescatados por Magdalena Trelles (bisneta do escritor).

No 150 aniversario de Alonso Trelles, en 2007, o 14,15 e 16 de setembro, celebrouse en Ribadeo e Vilanova de Lourenzá o Congreso "Os vínculos culturais Galicia-Uruguay", dirixido por Manuel Valín Valdés e Azucena González Loredó, e tendo a Gustavo San Román como coordinador académico e editor de actas, centrado nas figuras de "El Viejo Pancho" e Vicente Fernández e a súa filla, Juana de Ibarborou. Con este motivo, Francisco Trelles, neto de "El Viejo Pancho", donou á Biblioteca



municipal de Ribadeo, que leva o nome do seu avó, o fondo documental herdado do escritor para que fose custodiado e estudado na súa cidade natal. Na Oficina de Turismo de Ribadeo consérvase un cadro do pintor Amando Suárez Couto, que retrata a Trelles como xenete gaucho.

## 2 ARMADO COA PALABRA

**Gustavo San Román**, describe os tres grandes aspectos que definen e salientan a obra de Alonso-Trelles:

- O poeta castizo que escribiu "Juan el loco" en 1887
- O xornalista e animador cultural que dirixiu "El Tala cómico" e "Momentáneas", o autor teatral e
- O autor gauchesco – o aspecto máis importante – que, como El Viejo Pancho, publicou a obra teatral "Guacha" en 1913 e, en 1916, "Paja brava".

Publicou os seus primeiros versos en 1876 nun periódico de Chivilcoi.

***Para adormecer la "morriña" hereditaria, se dio a los versos como hubiera podido darse a la bebida. Y alternando las funciones del estro con los quehaceres del hortera, no ganaba para "manguitos" (pesos?), pero atiborraba de "cascotes" un periódico que veía la luz en Chivilcoy, allá por los años años 1876 y 77.***

Foi apoiado polo mestre Joaquín Tejera para conseguir emprego en Correos da súa localidade, e abríndolle as portas do xornal El Tala, por el fundado. Aquí aparecen publicados os seus primeiros poemas.

Estas poesías eran composicións románticas de estilo becqueriano, ou de Campoamor ou Nuñez de Arce, evoluíndo posteriormente para ir adquirindo conciencia social do avance capitalista que vai arredando aos campesinos gauchos. Versificaba de xeito improvisado, mesmo acompañándose coa súa guitarra.



Dibujo de B. MICHELENA



Usou os seudónimos de "Juan Monga", "Intruso", "Cáustico", "Candil", "Tácito", "Ventosa" ou "El", entre outros, pero o de "El viejo Pancho" fixo esquecer calquera outro e consagrouno como escritor inmorrante, racial, xenuinamente uruguaio, o más auténtico intérprete da alma criolla, sen que ningún outro chegase a igualalo.


Despois de comezar en "El Tala", máis adiante escribe en "El Fogón", "El Ombú", "El Terruño"... en periódicos de Montevideo, así como en "El mundo argentino" e outras publicacións de fóra do Uruguai.

Ten unha importante actividade teatral, creando un grupo de teatro do que foi director, escenógrafo, apuntador e autor.

***Estrenó varias obras de teatro, entre ellas "Un drama en palacio", en dos jornadas y en verso; "Caída y redención", comedia en dos actos y en prosa; "Colón", drama histórico en dos actos y en verso; y los sainetes "Los veteranos", "Spyon Kop", "El falso Otelo", "Pepiyo", "Idilio fulminante" y otros. Todo inédito, por fortuna, y para mayor tranquilidad definitivamente juzgado por el diente de los avisados roedores.***

Para o seu grupo teatral escribe "Colón" (1892), en verso clásico español, no IV Centenario do Descubrimiento de América, para ser representado por nenos en El Tala; "Crimen de amor" (1891), onde aparece Benito, que fala unha mestura de galego e asturiano (único caso na súa obra); "Un drama en palacio"; "Los dos veteranos" (xoguete cómico), "Spion koop (Sainete) (1902); "Caída y redención"; "Alucinación"; "El falso Otelo"; "Pepiyo", "Idilio fulminante" (1911) e "Guacha" (escrita e estreada en 1913) nun acto, drama nacional; unha epepeia uruguaia. E as comedias "El rigor de las desdichas" (1878), xoguete cómico; "Juan el loco" (1887), poema en dous cantos, prologado polo dramaturgo Orosmán Moratorio. A maioría, ficaron inéditas e perdéronse.

Houbo, asimesmo, dúas revistas que levaron o nome de "El Viejo Pancho", durando un número cada unha.



En xuño de 1893, colabora en "La Tribuna Popular", de Montevideo, publicando como Alonso Trelles poemas de estilo becqueriano, e como "El manco de Santa Rosa" décimas en criollo.

En 1894 fundou "El Tala cómico", publicación satírica, a imitación de "Madrid cómico", con debuxos que el mesmo confeccionaba, sendo tamén Director, autor dos textos e impresor. Editado en "ciclostyle", el mesmo o definiu como "semisatírico e semiilustrado", dirixindo especialmente as críticas ás autoridades eclesiásticas e municipais. Foron notables neste periódico as caricaturas satíricas. Defendeu o ensino obrigatorio. Publicou un total de 83 números, saíndo o último á luz en marzo de 1897, pero non se conservan exemplares destas revistas.

***Desde noviembre de 1894 a marzo de 1897 publicó, valiéndose de un "Ciclostyle" en que derrochó paciencia y habilidad caligráfica, ochenta y tres números de El Tala Cómico, periódico semisatírico y semiilustrado que no dejó títere con cabeza en el departamento y sirvió de ensayos para sus posteriores críticas literarias, "bastante" menos brillantes que las del insigne "Clarín", pero no menos demoledoras que las del bueno de Valbuena.***



En 1899 iniciou a publicación do semanario "Momentáneas", de similar orientación, asinando co pseudónimo de "El manco de Santa Rosa", conseguindo sacar á luz un total de 23 números, desde xullo de 1899 a xaneiro de 1900. Con este periódico, Alonso-Trelles vaise convertindo en "El Viejo Pancho".

***Momentáneas, con "tricromías" que daban las doce. En este periódico aparecieron sus primeros versos criollos, iniciándose en ellos una de la modalidades de su temperamento literario: la que había de proporcionarle, andando el tiempo, popularidad y consagración.***

Gamallo Fierros afirma que *"en xullo de 1899 se verifica a transformación estética do emigrado galego: deixa de ser o decimonónico español José María Alonso Trelles, para transformarse no gauchesco El Viejo Pancho"*.

Os primeiros versos gauchescos de Trelles aparecen en 1889. A súa nova poesía ven coincidir coas preocupacións pola esencia do mundo criollo e exaltalas, nun ambiente de cambio veloz e drástico, tentando manter as tradicións gauchas fronte a un novo pensamento, unha nova sociedade, que non aportaba nin posuía ningún sinal de identidade social.

En setembro daquel mesmo ano (1899), para encher un baleiro na páxina do seu xornal, publica "La gueya" que ao reproducila "El Fogón", de Montevideo – de maior tirada e repercusión, fixo que "El Viejo Pancho" comezara a consagrarse como gran poeta. Como o gran poeta de Uruguai. Con "La Güeya", *"empeza a agarrarse á alma dos nativos como a enredadeira aos muros vellos e ásperos"*.

Debido, sen dúbida, á iniciativa e o prestixio do noso escritor, contou coa colaboración de persoeiros das letras hispanas como Leopoldo Alas-"Clarín", Sinesio Delgado, Luis Taboada ou Luis de Ansorena...

En 1904, cando a guerra civil uruguaia, escribe versos lapidarios:

*Mientras dure el azote que nos devora  
no debiera la tierra producir flores,  
ni debieran las noches tener aurora  
en la tierra charra (charrúa?) de mis amores.*

O ambiente creado polas guerras fai que a poesía decaiga en atención popular, pero cando a guerra pasa, a poesía volve a interesar, e El Viejo Pancho comeza o seu periplo triunfal que se reforzou cando o criollo de orixe inglés, Agustín S. Smith, crea "El Terruño" en Montevideo, no que Trelles ten importante papel.

Nicolás Gropp cita as "**Parolas**" de Trelles que podían ser crónica de costumes ou críticas literarias, defender o cine, criticar un evento social institucional, apoiar os intereses do Tala ou reflexionar sobre o feito de escribir. Do cento de "Parolas" asinadas

por "Intruso" que viron a luz entre 1906 e 1914, con afán crítico e formativo, chámanos a atención o nome xenérico que, a menos que haxa un vocabro propio uruguaio, ven ser a palabra que en galego significa "Conversa", "Charla" ou "Palabra".

Se o galego foi para Trelles o idioma da súa infancia por selo da súa nai, poucas pegadas quedaron na súa obra (á parte do xa citado "Crimen de amor"), destacando os especialistas tan só o título dun poema – **Magoa** – palabra que non existe na fala uruguaia, que significa "pena" ou "sufrimento", que el utiliza para un poema de desesperanza dos últimos tempos (1920), publicado en "El terruño" en 1922, do que informa María de los Ángeles González, do que escollemos:



*En las veredas, hoy ya desiertas,  
po´ande mis tristes cruzadas hice,  
jueron, de a trechos, quedando muertas  
las ilusiones que yo más quise,  
y hoy ni en la oriya de la laguna  
que un día brindome dichas fugaces,  
aunque en el cielo luzca la luna,  
me ven los teros (1) ni los chajases (2).*

(1).- Ave zancuda  
(2).- Ave corpulenta

Opina San Román que "antes de chegar ao libro, Trelles cultivou preferentemente o

*artigo xornalístico, o poema na folla de periódico e o teatro, tres formas que buscan máis o contacto coas masas, ca o específico lector culto que accede á poesía”.*

Pois seguindo o itinerario mencionado, na primavera de 1916 conságrase como poeta nacional con “Paja brava”, que recolle poemas de publicacións anteriores, e ven ser a visión do mundo rural gauchesco, poema pampero, que se ten comparado co “Martín Fierro”, do arxentino José Hernández (1872).

***Y en sus horas de ocio, ahondando en las profundidades de su corazón, donde el recuerdo de una realidad o de una quimera solía vibrar una que otra vez dolorosamente, siguió escribiendo versos criollos que un editor magnánimo, después de publicar su drama de costumbres nacionales, ¡Guacha!” - que puede seguir considerándose inédito – coleccionó en un breve tomo: “Paja brava”.***

En carta á súa irmá Carmen explicáballe que “Paja brava” era “*unha especie de xunco chato co que teitan os seus ranchos ou chozas os habitantes do campo*”, chamándolle así aos versos porque “*son criollos coma o vexetal, criollos e insignificantes*”.




Dibujo de CARLOS CASTELLS

Apunta El Viejo Pancho, no limiar de Paja Brava (“De la portera”), que “*A los criticos más ilustrados y sesudos suele atravesárseles en la garganta; solo la miran con simpatía los que por la intensidad del amor al terruño hallan bueno cuanto el produce*”.

O libro, lentamente ao comezo, firmemente sempre, tivo recoñecemento xeral; e Uruguai asumeuno como propio. A segunda edición veu a luz en 1920. E a terceira en 1923, cunha tirada de 5.000 exemplares. Cando se publica a edición número doce, tíñanse superado os 100.000 exemplares vendidos.

En 1929 publicouse "Paja brava", ilustrada por 14 dos mellores debuxantes e pintores do país, cunha tirada de 3.225 exemplares. Desde as primeiras edicións (en total foron máis de vinte), foi ampliándose o contido da obra.



### 3 PALABRAS SOBRE O MAGO DA PALABRA



*Autocartadura de José Alonso y Trelles (09/02/1985)*

#### 3.1 O GALEGO TRELLES

Para Manuel María, "El Viejo Pancho" foi un poeta local. Dun localismo feroz, poderíamos dicir. Daí a súa gloria e súa universalidade. Cando se puxo en contacto coa terra e as xentes do Uruguai, atopou o seu destino a súa voz máis auténtica e a súa poesía foi verdadeira, adquirindo entón toda a súa dimensión dun gran poeta uruguaio, que conmoveu, nas súas máis fondas raíces a alma dun pobo. Pero no fondo dos seus versos latexa unha vaga melancolía que adoitamos chamar saudade, como escribiu un poeta da Galicia actual. Latexa como un cauce subterráneo, un tremor emocional, un misterio melancólico e sutil, moi galego. Son restos atávicos dunha poesía vella, depurada polo tempo, feita de neboa, de misterio, de soedade, e de emoción pura, escrita por unha raza á que Alonso Trelles pertencía por nacimiento. Unha raza vella, sentimental, melancólica, traballadora e viaxeira. Se "El Viejo Pancho" abriu no Uruguai o seu corazón ao amor, en Galicia abriu os seus ollos á luz.

Eduardo del Río afirma que "non hai máis que espir aos personaxes que en Paja brava viven, sofren e pasan, para ver certamente que son personaxes galegos. Falan coa mesma voz sentenciosa dos nosos labregos; teñen a mesma ironía socarrona, o mesmo humor e asumen sempre a mesma posición fronte á vida. O gaucha é un home galego como

*tantos e tantos miles que cruzaron a súa raza coas aborixes americanas, e na súa alma recién lavada selaron para sempre as nosas características espirituais”.*

**Nicolás Gropp - Universidad de la República. Montevideo.** *Entre outros textos, as súas obras de teatro amosan outra cara complementaria dun gallego que chegou a America para quedarse, como tantos outros, pero que logrou no Uruguai algo que ningún deles lograría, alomenos nese grado: xogar de locatario sendo un inmigrante.*

### 3.2 O NATIVISTA TRELLES

**Manolo Suárez Suárez:** Cando se fala de “nativismo”, faise referencia á literatura en verso ou en prosa que reflicte o pensamento e o sentimento da enxebreza do mundo rural. O nativismo canta as tradicións do campo, a vida dos seus homes, o traballo, a paisaxe, e plasma nos versos a fala peculiar do mundo rural. José Alonso y Trelles, “El Viejo Pancho”, foi nas afastadas terras uruguaias un dos mellores poetas nativistas do país.



**Martín Fernández Vizoso:** Foi un emigrante que saíu de Ribadeo para gañar as Américas e as Américas acabaron por gañalo a el. Tanto se integrou, tan ben captou a lingua e o carácter da sociedade rural que se convertiu no poeta Nacional do Uruguai.../... El, coma outros poetas nativistas, temía que os cambios sociais que acarreaban a modernización e as fortes ondas inmigratorias, ían poñer en perigo a identidade nacional uruguia

**Camilo Barcia Trelles:** Foi un conquistador non de terras nin de encomendas, senón de algo máis grande: do corazón dun pobo que soubo fundir co seu, reflectindo as súas emocións despois en composicións inmortais .../... poeta popular, gauchesco, que



soubo aprisionar todo o que hai de esencial na alma uruguaia, reflectíndoo en composicións poéticas memorables.

### 3.3 TRELLES, PONTE ENTRE DOUS MUNDOS

**Carlos Zubillaga**, historiador uruguaio: Na inmigración galega existe unha ponte tendida entre o imaxinario rural de orixe e o imaxinario "gauchesco" dun mundo que foi; dunha idealización perdida. Trátase, polo mesmo, non tanto dun proceso de aculturación, senón máis ben de unha continuidade de actitudes culturais nun escenario diferente.

**María de los Ángeles González (Universidad de la República, Uruguai)**: Cando o escritor chega ao país, o impulso inmigratorio de España e Italia ao Río de la Plata era fortísimo. En boa medida, a poesía gauchesca desde mediados do s. XIX tematizou o impacto inmigratorio e ata pode entenderse como unha afirmación da autenticidade do criollo, fronte ao perigo de desdebuxamento desa identidade pola cada vez máis gravitante presenza de extranxeiros.

**Gamallo Fierros**: Obsérvase no carácter galego unha bisectriz temperamental en aparencia pedagóxica: dunha banda, o terco vencello á terra nativa, o apetito - case xeolóxico - de insertarse no sochán da entraña materna; e doutra, o impulso á emigración, a capacidade para cingirse a moldes extraños, sobresaír na interpretación artística da alma de outros pobos e entregar o corazón a brisas diferentes e lonxanas para que o envolvan e o condicionen os aires e os costumes de outros países. E todo, conciliable cun forte sentimento de nostalxia coa ansia de retornar aos predios infantís e sentir outra vez a paz sedosa dos engados do fogar. Exemplo excepcional deste tipo de sicoloxías adaptables, ofrécenolo o provinciano de Lugo, José Alonso Trelles y Jarén, o poeta "indíxena" do Uruguai.

### 3.4 CRIOLLO E ROMÁNTICO

O escritor e crítico uruguaio **Casimiro Monegal**, di que foi "*o que mellor sondou a alma gaucha e expresou en versos perdurables as pasións bravías, as dores e as tenruras das nosas Xulietas e dos nosos Romeos criollos*".

**Luis Scarzolo Travieso**, escritor, **Uruguai**: O máis admirado dos poetas criollos rioplatenses. O cantor máis criollo. O máis criollo dos galegos.

**Gustavo Gallinal**, historiador, escritor e político uruguaio: "El Viejo Pancho" non é un poeta gauchesco. A poesía típicamente gauchesca non é sentimental. O gaucho

coñece o sufrimento pero non se comprace en saborealo voluptuosamente. Non coñece o tema amoroso. É sobrio e lacónico. O gaucho sentimental coma o salvaxe soñador e namorado foron fillos espirituais do romantismo. "El Viejo Pancho", romántico na súa mocidade e no seu teatro, cambiou nos seus modos de expresión, pero non a súa íntima contextura espiritual que xa estaba definitivamente modelada. É un poeta lírico, vástago da gran familia romántica que se ramifica ata o infinito pero gardando todos os descendentes algo do perfil orixinario. Usou como instrumento verbal un idioma callado de modismos e xiros tomados da fala campesiña do tempo presente, porque a ninguén lle é dado substraerse á influencia do tempo no que vive, e non limpo tampouco da retórica cidadá.



Madera de LANAU

## 4 O HOME E O ESCRITOR

Con Gustavo San Román pechamos este achegamento á persoa e obra do noso escritor, sinalando que aínda que semella *"falar con sentimentos locais que o seu grande éxito popular semellaría confirmar"*, *"a voz que fala nas poesías de "El Viejo Pancho" non é a do home Alonso y Trelles"*, xa que *"non se trata da persoa dun galego; nin a dun galego que bota de menos o seu país; nin a dun galego que describe a súa experiencia como emigrante en América"*, pois segundo os seus biógrafos *"o home Trelles era moi distinto ó poeta Viejo Pancho, e hai que diferenciar entre os dous: o home era ledo, o poeta nostálxico; o home non era misóxino, o poeta si; ó home non lle gustaba a bebida, ó poeta demasiado; o home era librepensador e progresista, o poeta era reaccionario e supersticioso; o home facía campaña contra os curandeiros, o poeta celebrábaos e rexeitaba ós médicos; por fin (Sabet Peter) a Chiruzza, esa china adúltera e insolente que ensombrece as lembranzas do "Viejo Pancho" e que, malia todo, é a súa musa inspiradora, non ten en absoluto puntos de contacto coa realidade paixonal da vida do autor"*, culminando coa cita de José Pereira Rodríguez que afirma que *"Home e obra amósanse como anverso e reverso dunha medalla de contradiccións"*.



*Autocartadura de José Alonso y Trelles (09/12/1894)*

## 5 ALGÚNS POEMAS FAMILIARES E RACIAIS DE TRELLES E “EL VIEJO PANCHO”

### 5.1 NA CHEGADA A UN MUNDO NOVO

(DATADO EN EL TALA O 10 DE XUÑO DE 1878)

**¡Ay!**

Con ruda saña mi cruel estrella  
sacome un día del paterno hogar.  
Y en mi camino, ¡oh Dios!, quedó la huella  
del llanto que vertía yo al pasar;  
ciego seguí do me guiaba ella  
sin saber otro mundo que tomar,  
y un día a la hora en que la luz desmaya,  
me encontré solo en estrangera playa.  
Solo, sí, solo, sin que un ser humano  
enjugase las lágrimas ardientes  
que quemaban mi faz, sin que una mano  
estrechase la mía; sin parientes,  
sin nadie que dijese al pobre hispano  
- que mezclando palabras incoherentes  
evocaba a su patria – ven, no llores  
que aquí también hay paz, dicha y amores.

...

### 5.2 A LOLA RICETTO, A SÚA NOIVA

Sendo aínda noivos, o escritor fíxolle un poema a Lola, Dolores Ricetto, coa que casaría, que foi doado en 2008 polo seu neto Francisco á cidade de Ribadeo. Está datado en Tala o 29 de abril de 1880, sendo toda unha poética declaración de amor:

#### **Pensando en ti, Lola**

Cuando tiende la noche su manto  
Y natura a sus sombras se acoge,  
Presuroso, buscando mi lecho  
Me aduermo y pronuncio  
Tu cándido nombre;  
Y en tanto susurran  
Las fuentes y el bosque,

Y abriendo sus hojas  
Las cándidas flores  
El aire embalsaman  
Con dulces olores,  
Yo, soñando contigo, te cuento  
Con dulces palabras mis tiernos amores

Cuando el tinte primero del alba  
 Tras las cumbres altivas asoma,  
 y en el valle a su amado inocente  
 Dulcísima arrulla la blanca paloma;  
     Yo abriendo los ojos  
     Aun miro tu boca  
     Que amante sonrío  
     que tierna me nombra...  
     Cual nido do duerme  
     Feliz mariposa  
 Como fresco encarnado capullo  
 De pura, fragante, balsámica rosa.  
 Y entre tanto que Febo recorre

En su carro de fuego la esfera,  
 Y sus rayos ardientes inundan  
 Los valles, los ríos, los montes y selvas;  
     El alma que te ama  
     Doquier te recuerda,  
     Te miro a la tarde  
     Que estás en la puerta,  
     Y cuando la noche  
     Me impide te vea  
 Otra vez en mi lecho querido  
 El alma a do moras se marcha y me deja.

TRELLES



### 5.3 AMOR DE IRMÁN

Á súa irmá Carmen mandoulle, o 24 de xullo de 1881 unha postal con este poema:

#### A mi hermana Carmen

Lleva este, Carmen querida,  
El pedazo de mi alma  
En donde tu amor anida  
Do tu imagen escondida  
Da a mi ser ventura y calma

A tu cariño sincero  
Recomiendo su acojida,  
Advirtiéndote primero

que es, tal vez, el mensagero  
De mi próxima partida.

Aunque impasible le veas  
A tus caricias amantes  
No en ello olvido preveas  
Ni que ya no te amo creas  
Que hoy te amo cual te amé antes.



Madera de la Señorita CELICA SILVA

### 5.4 NACE PARA O GRAN PÚBLICO O NATIVISTA URUGUAIO

#### La Güeya

Pulpero, eche caña,  
caña de la güena,  
yene hasta los topes ese vaso grande,

no ande con miserias.

Tengo como un juego

EL VIEJO PANCHO  
XENIAL RIBADENSE DE ALMA GAUCHA

la boca de seca,  
y en el tragadero tengo como un ñudo,  
que me áhuga y me apreta.

¡Deme esa guitarra...  
¡Quien sabe sus cuerdas  
no me dicen algo que me dé coraje  
pa echar esto ajuera!...

Hoy de madrugada  
yegué a mis taperas,  
y oservé en el pasto mojáo po´ el sereno  
yo no sé que güeyas...

Tal vez de algún perro...  
pero ¡de ande yerba!  
si al lao de mi rancho no tengo chiquero,

ni en mi casa hay perra...

Dentré, y a mi china  
la encontré despierta...  
pulpero, eche caña que tengo la boca  
lo mesmo que yesca...

Yo tengo, pulpero,  
pa que usté lo sepa  
la moza más linda que han visto los ojos  
en tuita la tierra.

Con eya mi rancho  
ni al cielo envidéa...  
pero eche otro vaso pa ver si me olvido  
que he visto una güeya...

\* MARÍA VELAZ COCULIS

## LA GÜEYA

Letra de "EL VIEJO PANCHITO"      Música de 7. ESTUARDO FABIANI

The image shows a musical score for the song 'La Güeya'. At the top, it credits 'MARÍA VELAZ COCULIS' and the title 'LA GÜEYA'. Below that, it specifies 'Letra de "EL VIEJO PANCHITO"' and 'Música de 7. ESTUARDO FABIANI'. The score itself consists of several staves. The top staff is for the voice, with lyrics written below it. There are two piano accompaniment parts, one for the right hand (Forte) and one for the left hand (Piano). The music is written in a complex style with many notes and rests, typical of tango or similar genres. There are also some performance instructions like 'crescendo' and 'p' (piano) written in the score.

## 5.5 CANTADO POR GARDEL

Gardel gravou en Buenos Aires en 1927, ¡HOPA... HOPA... HOPA!, con música de Roberto Fugazot cantando o diálogo cun arreiro que personifica o desengaño. Fóra publicada en "El terruño" en 1920.

## ¡HOPA... HOPA... HOPA!

Cuasi anohecido, cerquita e mi rancho,  
cuando con mis penas conversaba a solas,  
sentí ayer ruidaje como de pezuñas  
y el grito campero de ¡hopa!, ¡hopa!, ¡hopa!...

Salí, y en lo oscuro vide uno de poncho  
yevndo a los tientos lazo y boleadoras,  
que al tranco espacioso de un matungo zaino  
arriaba animales que parecían sombras.

- "Paresé, aparzero, paresé y disculpe -,  
le dije: - ¿Que bichos yeva en esa tropa.?  
- "Voy pala tablada de los gauchos zonzos  
a venderles miles de esperanzas gordas".

- "Si el mercado promete y engolosinado  
guelve po´ estos pagos en procura de otras,  
no olvide que tengo mis potreros yenos,  
y que hasta e regalo se las cedo todas"...

Sonriose el tropero, que era el Desengaño,  
talonió el matungo derecho a las sombras,  
y áun trae a mis óidos el viento e la noche  
un grito campero de "¡hopa!, ¡hopa!, ¡hopa!".



Madera de FEDERICO LANARI



## 5.6 COMO QUERERÍA MORRER

En 1922 redactou o poema que pode ser considerado o seu testamento poético:

### Mi Testamento

Cuando me esté muriendo  
saquenmén campo ajuera,  
Y al lao de una cañada  
onde corra un hilito de agua fresca,  
ande el trébol de olor y la gramiya  
se le brinden al cuerpo como jerga,  
y haiga una mata e pasto  
pa dejar cáer sobre eya la cabeza,  
dejenmén solo yí... ¡Solita mi alma!  
Pa que naidas se entere ni me sienta  
lo que esté po´ empacárseme del todo  
el corazón que a gatas si trotea.  
¡Yo no quiero morir dentro e mi rancho  
como muere el peludo entre la cueva!  
Quiero sentir bajo la luz del cielo  
la caricia e la tierra  
que jue siempre pa mi como una madre  
y ha e recoger mis güesos lo que muera;  
quiero oír cantar, cuando el sudor me avise  
que me aguaita la autera,  
sobre el ombú de mi choza la calandria  
que tantas veces consoló mi pena;  
quiero ver retozar a los baguales

que la yeguada encela  
pa recordar los que montaba en pelos  
al salir disparando e la manguera;  
quiero seguir el vuelo e las torcazas  
cuando a la tarde los cardales dejan,  
y van, buchonas, procurando el nido  
ande Amor, arruyando, las espera.  
Quiero aspirar, cuando a morirme vaya,  
los perfumes que al viento dan las sierras,  
y enyenando los ojos de azul cielo,  
al darle al sol mi adiós lo que se escuenda,  
pedirle pa la zanja en que me entierren  
su primer rayo e luz cuando amanezca...

¡No me dejen morir dentro e mi rancho  
como muere el peludo entre la cueva!  
¡Déjenmé agonizar a campo abierto,  
la cara al cielo guelta,  
pa verla bien, lo que la noche se haga,  
a la adorada estreya  
que les robó la luz a unas pupilas  
que envenenaron tuita mi existencia!...

## 5.7 VENDO CHEGAR O FINAL

Para Gamallo Fierros, unha das últimas composicións do poeta, escrita na segunda metade do ano 1923 ou na primeira de 1924:

### ¡ECCE HOMO!

Jesús, Nuestro Señor; vos que aprendiste  
desde la triste soleda del Güerto,  
hasta el arisco cerro del Calvario,

lo que son sufrimientos.  
 Si aún le tenés querencia a los mortales,  
 dame fuerzas a mi, que de ir subiendo  
 el Calvario e la vida,  
 no me alcanza un resueyo a otro resueyo...  
 Vos no perdiste, como yo, a una madre,  
 ni como yo has besao a un hijo muerto;  
 ni jué pa vos la rubia pecadora  
 la que pa mi la china de mis versos...  
 También yo padecí sé de querereres  
 y naides refrescó mis labios secos,  
 y no faltó quien el costao me abriera  
 con la chuza el desprecio;  
 también a mi sin asco me estaquiaron  
 en la cruz de los celos...  
 y no sintieron de unos rulos suaves  
 el beso alentador mis pies yertos!...

*Versos escritos en una postal  
 que reproducía el «Ecc Homo» de Guido Reni*  
 Para agregar al ejemplar de «PAJA BRAVA» de la Srta  
 Matilde E. Cherviere) (ABSOLUTAMENTE INÉDITOS.)  
 Jesús nuestro Señor, vos que aprendiste  
 Desde la triste soledad del Güerto  
 Hasta el arisco cerro del Calvario  
 lo que son sufrimientos...  
 Si aún les tenés querencia a los mortales,  
 Dame fuerzas a mi, que de ir subiendo  
 El Calvario e la vida,  
 Ya no alcanzo un resueyo a otro resueyo...  
 Vos no perdiste como yo, a una madre,  
 Ni como yo has besao a un hijo muerto;  
 Ni jué pa vos la rubia pecadora  
 la que pa mi la china de mis versos.  
 Yo también padecí sé de querereres,  
 Y naides refrescó mis labios secos,  
 Y no faltó quien el costao me abriera  
 con la chuza el desprecio.  
 A mi también sin asco me estaquiaron  
 En la cruz de los celos,  
 Sin que sintieran de unos rulos suaves  
 El beso alentador mis pieses yertos  
 (Otoño de 1923)

*Don J. J. M. J. J. J.*  
*J. J. J. J. J.*

## 6 BIBLIOGRAFÍA

Uxío Torre Enciso. Boletín da Real Academia Galega, 1970.

Manuel Suárez Suárez. Un gaucho das terras de Ribadeo ("Lonxe de Montevideo")

Juan Soto Gutiérrez. El Viejo Pancho, obra completa (El Progreso, 26.03.2006)

Francisco Lanza Álvarez. Ribadenses ilustres ("Ribadeo antigo")

Leonardo Reinante (Entrevista a), Bibliotecario de Ribadeo. (El Ideal Gallego)

Eduardo del Río. Vida Gallega, 28.02.1946.

Martín Fernández. La Voz de Galicia, 11.06.2017

Autobiografía de El Viejo Pancho (El Día, de Montevideo. 29.07.1924)

Manuel María. El Viejo Pancho (Vida Gallega, xuño, 1957).

Dionisio Gamallo Fierros. Un provinciano lugués universal, El Viejo Pancho (Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo, 1946).

Dionisio Gamallo Fierros. Un gallego universal, "El Viejo Pancho". (Finisterre, abril e maio, 1946)

Martín Fernández Vizoso. Memoria de Mariñáns, El Viejo Pancho (La Voz de Galicia, 11.06.2017)

Camilo Barcia Trelles. "Un poeta Nacional Uruguayo-gallego (El Pueblo Gallego, 7.10.1928)

Luis Escarzolo Travieso. "Cuando el poeta José A. Trelles no era aún el popular "El Viejo Pancho" (El Pueblo Gallego, 6.01.1929, reproducíndoo de "Diario del Plata").

María de los Ángeles González, en *Os vínculos culturais Galicia-Uruguay* (Actas do Congreso en Ribadeo. Setembro, 2007)

Nicolás Gropp, en *Os vinculos culturais Galicia-Uruguay* (Actas do Congreso en Ribadeo. Setembro,2007)

Gustavo San Román. "O amor en Paja brava de El Viejo Pancho, un galego gaucho". (Boletín Galego de Literatura, n.º 12. 1994)

*Os Vínculos Culturais Galicia – Uruguay: José Alonso y Trelles "El Viejo Pancho" / Juana de Ibarbourou. Actas do Congreso celebrado en Ribadeo e Lourenzá, 14, 15 e 16 de setembro de 2007.* Edición de Gustavo San Román; coordinación das xornadas por Manolo Valín e Azucena Gonzalez. Lugo: Diputación, 2010. Contén varios artigos sobre Trelles (Hai versión dixital).



## **EL VIEJO PANCHO**

**XENIAL RIBADENSE DE ALMA GAUCHA**

**UNIDADE DIDÁCTICA**

**1º CICLO PRIMARIA**

# El Viejo Pancho



Unidade didáctica para 1º e 2º de Educación Primaria



Ola! Son Emo e vouvos contar a vida e obra dun escritor ribadense: Chamábase José María Alonso y Trelles Jarén e naceu o 7 de maio de 1857 en Ribadeo. O seu alcume teredes que descubri-lo vós mesmos.

v

j

o

p

o

h

c



i

e



a


n

V				
---	--	--	--	--

P					
---	--	--	--	--	--


Ordena as letras para formar as palabras e describir o alcume.

Os seus primeiros anos viviu en Ribadeo e máis tarde en Navia (Asturias), xa que seu pai era mestre alí. Cando cumpriu os 18 anos marchou para Arxentina.





Deluxa o camiño que seguiu para chegar ata Arxentina.

Ao chegar a Arxentina, traballou en diferentes oficios e publicou algunhas liñas nun xornal local. Pouco despois marchou a Uruguai, onde cobrou fama como poeta da vida rural uruguiaia. Como vedes, ademais de ser escritor, tamén tiña outros traballos. Comezou sendo contador e chegou a ser político pero o traballo que máis exerceu, sabedes cal foi?



Segue o código e atopa cal é o oficio





El Viejo Pancho escribiu varias obras pero a máis recoñecida é 'Paja Brava', un libro de poemas no que fala da vida dos gauchos. Os gauchos eran persoas que vivían no campo, eran hábiles xinetes e traballaban no gando. A súa vestimenta era moi distintiva. Ían vestidos cunha camisa de lino, un chaleco ou chaqueta, uns bombachos, unhas fortes botas e un sombreiro.



Colorea ao gaucho.

Sabiades que?

- ★ Hai unha rúa en Montevideo e outra en Ribades chamada "El Viejo Pancho"
- ★ A nosa Biblioteca Municipal tamén leva o nome de "El Viejo Pancho"
- ★ Moi preto da biblioteca podedes ver a casa onde naceu José María e no noso parque podedes atopar unha escultura deste escritor

Poñede rumbo a descubrir estes rincóns!





## **EL VIEJO PANCHO**

**XENIAL RIBADENSE DE ALMA GAUCHA**

**UNIDADE DIDÁCTICA**

**2º CICLO PRIMARIA**

## EL VIEJO PANCHO



José María Alonso Trelles y Jarén, ribadense, nado en 1857, é coñecido universalmente como “El Viejo Pancho”. É o máis admirado dos poetas criollos rioplatenses. Era fillo de Francisco Alonso Trelles (asturiano) e Vicenta Jarén (galega).

Aos seis anos, a familia marchou a Navia (Asturias), onde seu pai ten praza como director da escola da localidade. Na escola, é amigo dun neno tres anos maior ca el, Rafael Fernández Calzada, que tamén emigraría a América onde acadaría relevancia política e literaria.

Na adolescencia volve a Ribadeo para estudar peritaxe mercantil na Escola Náutica de Comercio.

En 1875, con 18 anos, emigrou a América. Viviu durante dous anos nunha vila na provincia de Bos Aires, en Arxentina. Alí, alternou diferentes oficios con algunhas liñas publicadas nun xornal local. Pouco despois marchou a Montevideo onde quedou un curto período de tempo e finalmente, instálase en Tala, onde cobrou fama como poeta da vida rural uruguaia.

O seu primeiro traballo foi como contador nun almacén, e acabaría casando coa filla do seu xefe, Dolores Ricetto, anos máis tarde.

En 1882 contraía matrimonio con Dolores Ricetto con quen tivo dous fillos.

En Tala foi socio do seu sogro no negocio comercial, para logo dedicarse, xa en 1894, ao estudo libre do Notariado na Facultade de Dereito de Montevideo.

En maio de 1895 falece a súa primeira filla, Vicentina. E esa difícil perda faille escribir unha dura poesía.

En 1902 adquire a nacionalidade uruguaia, que lle era imprescindible para exercer o Notariado.

En outubro de 1906, embarcou para España para visitar a súa nai, que vivía en Castropol, e aos seus irmáns. Pero en decembro volvía emprender o regreso a Uruguai desde Vigo.

En 1908 foi elixido Deputado do Parlamento Nacional uruguaio, destacando polo seu talento, a súa elocuencia e a defensa do poder municipal. Estivo no cargo ata o ano 1911.



## EL VIEJO PANCHO

En febreiro de 1909, a súa nai faleceu en Castropol.

Dous anos máis tarde pasa a vivir a Montevideo, debido aos estudos do seu fillo.

Xa en 1923, a súa saúde reséntese e complícase cunha peritonite. Morrendo en 1924 en Montevideo, no Sanatorio Español. O seu cadáver foi trasladado desde Montevideo a El Tala.

É, por todo isto, que se considera un autor ribadense pero de alma gaucha. Naceu e pasou uns anos en Ribadeo, pero é na Arxentina e Uruguai onde realiza a súa etapa vital máis importante, a de formarse persoal e profesionalmente.



José Alonso y Trelles (dereita) ao pouco tempo de chegar a Tala

## OBRA LITERARIA



### TEATRO

Tivo nas súas mans a organización dun grupo de teatro, secundado por un grupo de afeccionados ao xénero. Nel cumpre varias labores, como director, escenógrafo, apuntador e autor de varias obras. Debido ao seu traballo neste campo, a cidade de Tala considérao o seu primeiro director teatral.

Entre as súas obras teatrais atópanse:

- Un drama en palacio
- Caída y redención.
- Colón.
- El falso Otelo.

A maioría destas obras quedaron inéditas e soamente se conservan algunhas delas.

### POESÍA

- Paja Brava.
- Juan El Loco.

### PERIODISMO SATÍRICO – EL TALA CÓMICO

O 18 de novembro de 1894 fundou o xornal El Tala Cómic, onde se desempeñou como director e principal colaborador.

O semanario, de corte satírico, xurdiu como resposta á necesidade de Trelles de facer unha crítica ás autoridades eclesiásticas e administrativas locais.

## ACTIVIDADES



1.- Onde naceu El Viejo Pancho?

---

2.- Cal era o seu nome real?

---

3.- En que vila pasou a súa infancia?

---

4.- A que idade emigrou a América?

---

5.- Con quen casou na emigración?

---

6.- Cantos fillos tivo? Que lle ocorreu á súa filla?

---

7.- Cal foi a enfermidade que fixo que a súa saúde se resentise?

---


8.- En que xéneros literarios destaca principalmente?

---

*ACTIVIDADES*



9.- Que camiño debe escoller El Viejo Pancho para retornar ó seu querido Ribadeo?






## ACTIVIDADES



10.- De El Viejo Pancho hai moi poucas fotos e caricaturas. Atreveríaste a facer unha caricatura do autor?



## ACTIVIDADES



11.- Localiza na seguinte sopa de letras palabras relacionadas con o autor:



BIBLIOTECA, POETA, RIBADEO, NAVIA, TALA, DOLORES, NOTARIADO, URUGUAI, COLÓN, SÁTIRA, XORNALISMO.



## **EL VIEJO PANCHO**

**XENIAL RIBADENSE DE ALMA GAUCHA**

**UNIDADE DIDÁCTICA**

**3º CICLO PRIMARIA**



## XORNADAS DE AXITACIÓN EN RIBADEO

Actos conmemorativos polos 100 anos do pasamento de José María Alonso-Trelles y Jarén, ribadense de 1857, un dos poetas criollos rioplatenses máis coñecidos

José María Alonso Trelles y Jarén, coñecido universalmente como “El Viejo Pancho”, é un dos poetas criollos rioplatenses máis coñecidos. Cúmrense agora, o 28 de xullo de 2024, cen anos do seu pasamento e, por iso, no concello de Ribadeo, a súa localidade natal, estanse vivindo unhas xornadas de gran axitación.

“- É importante coñecer esta figura tan relevante para Ribadeo” - din algunhas persoas coas que falamos na rúa.

-“É parte da historia de Ribadeo e, polo tanto, todos os cidadáns, dende os máis cativos ata os maiores, deben saber sobre a súa vida e historia.” - din mestres, mestras e profesorado en xeral.

-“É o momento perfecto para que os galegos, especialmente os ribadenses, pequenos e maiores, poidan achegarse a esta figura histórica.”

Dende o concello de Ribadeo e dende os centros educativos comezarán a traballar arreo durante estas xornadas para poder ofrecer unha ampla e variada relación de actividades e información, co fin de que coñezamos con detalle a vida e obra deste persoeiro tan relevante da cultura ribadense e uruguiaia

### VIDA E OBRA



José María Alonso Trelles y Jarén naceu en Ribadeo o 7 de maio de 1857. Era fillo de Francisco Alonso Trelles (asturiano) e Vicenta Jarén (galega). Ese mesmo día foi bautizado na igrexa parroquial de Santa María do Campo.

**Para coñecer máis información sobre este personaxe:**

<https://view.genial.ly/66113a47d3eeb7001421162a/interactive-content-el-viejo-pancho>

Inclúese tamén un documento onde se pode consultar a información sobre

“El Viejo Pancho”, non obstante, recómendase a visualización na ferramenta Genially.



### PASATEMPOS



Na unidade que segue a continuación poderás desfrutar de pasatempos e actividades relacionadas con este persoeiro, para achegarte máis a súa vida e obra e coñecer máis de preto a cultura ribadense.



# JOSÉ MARÍA ALONSO-TRELLES Y JARÉN

"EL VIEJO PANCHO"


*"Xenial ribadense de alma gaucha"*

BIOGRAFÍA


VIDA DESPOIS  
DA VIDA

Q

ARMADO COA  
PALABRA




- José María Alonso-Trelles y Jarén, naceu o 7 de maio de 1857 en Ribadeo e foi bautizado, ese mesmo día, na igrexa parroquial de Santa María do Campo.
- Era fillo de Francisco Alonso Trelles (que faleceu en Navia en 1883) e Vicenta Jarén (que finou en Castropol en 1909).
- Aos 6 anos a familia marchou a Navia (Asturias).
- Emigrou aos 18 anos a Arxentina, vivindo dous anos en Chivilcoi para logo ir a Montevideo e, finalmente, asentarse en El Tala, onde traballou como contador nun comercio casando coa filla do dono de dito negocio; Dolores Ricetto Asuaga.
- En 1881 trasládase ao sur de Brasil para traballar nunha casa comercial.
- A súa primeira filla, Vicentina, nacería en 1884 e, despois deste acontecemento, en 1887, regresaron novamente a El Tala, onde comezou os seus estudos de Notariado.






- En maio de 1895 falece a súa filla Vicentina e escríbelle unha carta á súa nai na que expresaba a súa profunda dor.
- En 1902 consegue a nacionalidade uruguaia necesaria para poder traballar como notario.
- En 1906 volve a España, a Castropol (Asturias), para visitar a súa nai e irmáns e, uns meses despois, emprende rumbo novamente a Arxentina.
- Foi elixido Deputado do Parlamento Nacional uruguaio e ocupará este cargo ata 1911.
- Despois disto, viviu en Motevideo a causa dos estudos dun dos seus fillos.
- En 1922 a cidade de San José elíxeo como mellor cantor gauchesco e concédenlle o seu nome a unha rúa de El Tala.
- Morreu en Montevideo o 28 de xullo de 1924 a causa dunha peritonite e logo de que a súa saúde xa estivera afectada.



VIDA  
DESPÓS  
DA VIDA





# HOMENAXES



**1941**

Déronlle o seu nome a unha rúa e unha praza en Montevideo



**1946**

Rendéuselle homenaxe en Ribadeo ao cumprirse 22 anos da súa morte.



**1998**

Gustavo San Ramón publica "Paja Brava" e outras obras.



**1943**

Plantouse un "ceibo" (árbore nacional uruguaia) e colocouse unha placa conmemorativa na praza do seu nome.



**1988**

Declarouse Monumento Histórico Nacional a casa de "El Viejo Pancho" en Tala.



**2005**

Publicáronse as obras completas de "El Viejo Pancho".




→ Siguiente

# Homenaxe en Ribadeo

O máis destacado foi o levantamento, no Parque Municipal de Ribadeo, dun busto do poeta (figura outro igual en El Tala e un terceiro en Montevideo).

Inaugurouse a Biblioteca de Ribadeo, que leva o nome de "El Viejo Pancho".



## *Homenaxe en Ribadeo*

Foi promovida polo escritor e profesor ribadense Dionisio Gamallo Fierros. En dita homenaxe houbo charlas, concursos, concertos, misa, discursos, actuacións musicais da Coral de Ribadeo, bailes, recitais poéticos, exposición de arte e un partido de fútbol entre Navia e Ribadeo.

No nome da familia, agradeceu a homenaxe Paquita A. Trelles, sobriña do autor.

A gran homenaxe completouse cos actos celebrados en 1957.



- **Renomeouse co seu nome un tramo da rúa onde nacera o poeta e colocouse unha placa na casa familiar.**



**QUERES COÑECER MÁIS  
SOBRE AS OBRAS DESTE  
AUTOR?**

**IMOS ALÁ...!**



# Publicacións



**1876**

Publicou os seus primeiros versos nun periódico de Chivilcoi.



Escribiu en "El Tala", "El Fogón", "El Ombú", "El Terruño" e outras publicacións de fóra do Uruguai.



Creou un grupo de teatro do que foi director, escenógrafo, apuntador e autor.



**1894**

Fundou "El Tala cómico" con debuxos que facía el mesmo, sendo tamén o Director, autor dos textos e impresor.



**1899**

Aparecén os primeiros versos gauchescos de "El Viejo Pancho" o que supón, segundo Gamallo Fierros, a súa transformación.

**1916**

Convértese en poeta nacional con "Paja Brava", un libro de gran recoñecemento.



→ Siguiente



## **PAJA BRAVA**

**O libro, que tivo un gran recoñecemento, tivo varias edicións e vendéronse máis de 100.000 exemplares.**

**En 1929 publicouse "Paja Brava" ilustrada por 14 dos mellores debuxantes e pintores**



## Pseudónimos

Usou os nomes de "Juan Monga", "Intruso", "Cáustico", "Candil", "Tácito", "Ventosa" ou "El".

Foi o de "**El Viejo Pancho**" o que o consagrou como un gran escritor uruguaio.



## "EL TALA CÓMICO"

Estaba dirixido, especialmente, a criticar ás autoridades da igrexa e dos municipios.

Publicáronse un total de 83 números, pero non se conservan exemplares destas revistas.



E agora...




A

TRADASSAR




# EL VIEJO PANCHO



Unidade didáctica

5º e 6º

**AGORA QUE XA COÑECES  
UN POUCO MÁIS SOBRE A  
MIÑA VIDA...  
A XOGAR!**



**Resolve o seguinte  
pasapalabra sobre a biografía  
de José María Alonso Trelles y  
Jarén.**

# Coñecedes o famoso concurso televisivo do *Pasapalabra*? Pois velaquí tedes un!! Organizádevos en grupos e... **A CONCURSAR!**

<https://es.educaplay.com/recursos-educativos/18606497-jose maria alonso trelles y jaren.html>

CLICK

País ao que emigrou José María Alonso Trelles y Jarén.




6

00:14






## José María Alonso Trelles y Jarén



- Comeza por (A) País ao que emigrou José María Alonso Trelles y Jarén.
- Comeza por (B) Lugar ao que se traslada José María Alonso Trelles y Jarén en 1881.
- Comeza por (C) Lugar no que viviu e faleceu a nai de José María Alonso Trelles y Jarén.
- Comeza por (D) Nome da muller de José María Alonso Trelles y Jarén.
- Comeza por (E) Pseudónimo que empregou José María Alonso Trelles y Jarén nos seus poemas e que lle fixo alcanzar o éxito.
- Comeza por (F) Nome do pai de José María Alonso-Trelles y Jarén.
- Comeza por (G) Nome para definir ás persoas que vivían en América do Sur dedicados á gandería.
- Comeza por (H) Nome dunha das cancións coa que Carlos Gardel rendeu homenaxe a "El Viejo Pancho" e aos seus poemas.
- Comeza por (I) Pseudónimo ou nome que empregou "El Viejo Pancho" nos seus escritos.
- Comeza por (L) Nome do neto de Trelles.
- Comeza por (M) Lugar no que viviu "El Viejo Pancho" a causa dos estudos dun do seu fillo.
- Comeza por (N) Lugar ao que marchou "El Viejo Pancho" e a súa familia aos 6 anos.
- Comeza por (O) Nome dun dos periódicos nos que escribiu "El Viejo Pancho."
- Comeza por (P) Nome do libro publicado por "El Viejo Pancho" que lle fixo converterse en poeta nacional.
- Comeza por (R) Lugar natal de José María Alonso Trelles y Jarén.
- Comeza por (S) Igrexa na que se bautizou "El Viejo Pancho."
- Comeza por (T) Lugar no que se asentou finalmente "El Viejo Pancho" cando emigrou a Arxentina.
- Comeza por (U) Lugar no que a árbore nacional é o "ceibo."
- Comeza por (V) Como se chama a primeira filla de José María Alonso Trelles y Jarén.
- Contén (X) Actos que se celebraron en Ribadeo e Vilanova de Lourenzá en honra a "El Viejo Pancho."




Que tal  
andades de  
orientación?



**A ver se sodes quen de axudarlle a Monchiño a saír dese laberinto de rúas de Ribadeo no que se adentrou!**



**Debedes levalo dende a casa de “El Viejo Pancho” ata o parque, onde se atopa un busto deste persoeiro que se erixiu na súa homenaxe. Pero ollo!! Hai que pasar pola biblioteca que leva o seu nome.**






# Vaia Ilea!



A semana pasada comezaron a restaurar a placa conmemorativa que hai na casa natal de “El Viejo Pancho”, con tal mala sorte que caeu e rompeu en anacos...

Recorta as pezas do crebacabezas, realiza as operacións e coloca cada unha no lugar que corresponda


619x3	1068+815	157x12	1884+11
83x23	1431+515	3542-1957	(1458:27)+ 1934
958x2	962+962	1994+13	1924+100



# A VER SE NOS QUEDOU CLARO...



Escribe debaixo ou a carón de cada data o acontecemento sobre a vida de “El Viejo Pancho” ao que fai referencia.



1857

1884



1895

1916




1924


2024











# COMECOCOS



Recorta e dobra o comeocos que se amosa a continuación. Logo xoga a preguntar e responder cun compañeiro ou compañeira. Se non coñeces as respostas, emprega libros, dicionarios e/ou as novas tecnoloxías para dar con ela.

 <p><b>Curiosidades</b></p>	<p>Que actividades ou actos se realizaron en Ribadeo cando se cumpriron 22 anos da morte de "El Viejo Pancho"?</p>	<p>Cantos fillos tiña "El Viejo Pancho" no momento no que el morreu?</p>	 <p><b>Homenaxes</b></p>
<p>A que xénero literario pertence a obra "Paja Brava"?</p>	<p>Quen era Dionisio Gamallo Fierros?</p>	<p>Adiviña o nome dun poema que "El Viejo Pancho" publicou en galego.</p>	
<p>Como se chamaba a rúa que, actualmente, se denomina "El Viejo Pancho"?</p>	<p>A que se refire a palabra gaucha coa que se nomea a "El Viejo Pancho"?</p>	<p>En que lugares se realizaron homenaxes a este persoeiro?</p>	
 <p><b>Vida</b></p>			 <p><b>Obras</b></p>

# Le os siguientes poemas de Trelles e "El Viejo Pancho" para realizar con éxito as próximas actividades.



## ¡Ay!

Con ruda saña mi cruel estrella  
sacome un día del paterno hogar.  
Y en mi camino, ¡oh Dios!, quedó la huella  
del llanto que vertía yo al pasar;  
ciego seguí do me guiaba ella  
sin saber otro mundo que tomar,  
y un día a la hora en que la luz desmaya,  
me encontré solo en la estrangera playa.  
Solo, sí, solo, sin que un ser humano  
enjugase las lágrimas ardientes  
que quemaban mi faz, sin que una mano  
estrechase la mía; sin parientes,  
sin que nadie que dijese al pobre hispano  
-que mezclando palabras incoherentes  
evocaba su patria - ven, no llores  
que aquí también hay paz, dicha y amores.

...

## La Güeya

Pulpero, eche caña,  
caña de la güena,  
yene hasta los topes ese vaso grande,  
no ande con miserias.  
Tengo como un juego  
la boca de seca,  
y en el tragadero tengo como un ñudo,  
que me áhuga y me apreta.

¡Deme esa guitarra...  
¡Quien sabe sus cuerdas  
no me dicen algo que me dé coraje  
pa echar esto ajuera!...

Hoy de madrugada  
yegué a mis taperas,  
y observé en el pasto mojáo po' el sereno  
yo no sé que güeyas...

## A mi hermana Carmen

Lleva este, Carmen querida,  
El pedazo de mi alma  
En donde tu amor anida  
Do tu imagen escondida  
Da a mi ser ventura y calma

A tu cariño sincero  
Recomiendo su acojida,  
Advirtiéndote primero  
que es, tal vez, el mensagero  
De mi próxima partida.

Aunque impasible le veas  
A tus caricias amantes  
No en ello olvido preveas  
Ni que ya no te amo creas  
Que hoy te amo cual te amé antes.

Tal vez de algún perro...  
pero ¡de ande yerba!  
si al lao de mi rancho no tengo chiquero,  
ni en mi casa hay perra...

Dentré, y a mi china  
la encontré despierta...  
pulpero, eche caña que tengo la boca  
lo mesmo que yesca...

Yo tengo, pulpero,  
pa que usté lo sepa  
la moza más linda que han visto los ojos  
en tuita la tierra.

Con eya mi rancho  
ni al cielo envidéa...  
pero eche otro vaso pa ver si me olvido  
que he visto una güeya...

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

## A MI HERMANA

# Carmen

Instruccións: atopa, na seguinte sopa de letras, palabras que aparecen no poema que “El Viejo Pancho” lle mandou á súa irmá Carmen.

O	X	M	E	N	S	A	G	E	R	O	H	C	A	I
F	H	L	Q	T	F	W	Z	A	O	C	I	X	C	M
S	H	C	H	O	L	A	S	H	F	C	H	K	O	P
M	G	K	C	A	R	M	E	N	O	N	A	Q	J	A
P	L	T	X	A	N	C	A	S	L	M	P	Q	I	S
I	S	Y	N	O	R	O	L	L	H	A	A	I	D	I
P	C	A	R	I	C	I	A	S	L	E	A	X	A	B
X	H	S	Z	L	F	C	I	F	G	L	A	H	L	L
V	E	N	T	U	R	A	Y	C	A	L	M	A	A	E

1. CARMEN

2. IMPASIBLE

3. VENTURAY

4. MENSAGERO

5. CARCIAS

6. ACOJIDA


7. CALMA

**Agora que xa coñecedes algúns poemas de Trelles e “El Viejo Pancho”, imos comprobar se os comprendéstedes.**

**Completa o seguinte encrucillado sobre o poema ¡Ay! que Trelles escribiu tras a súa partida do fogar.**

**[https://es.educaplay.com/recursos-educativos/18667056-poema\\_ay.html](https://es.educaplay.com/recursos-educativos/18667056-poema_ay.html)**


Que quedou no camiño que iniciou Trelles fóra do seu fogar?






## Poema ¡Ay!

- 1 Como eran as bágoas (lágrimas) de Trelles?
- 2 A quen evocaba Trelles mesturando palabras incoherentes?
- 3 De que eran as pegadas (huellas) que ia deixando Trelles no seu camiño?
- 4 Onde se atopou só Trelles durante a súa partida do fogar?
- 5 Que era o que queimaba o rostro (a faz) de Trelles?
- 6 Que hai, ademais de paz e dicha, no lugar ao que se dirixe Trelles?
- 7 Que quedou no camiño que iniciou Trelles fóra do seu fogar?



**Escoita** con atención o poema  
"La Güeya" de "El Viejo Pancho"  
e trata de **completar** os ocos  
coas palabras apropiadas.  
Logo, coa axuda do poema  
completo, **comproba** se son  
correctas ou non e **corrixe** os  
erros.



 <https://www.youtube.com/watch?v=2ig9cKo1Hdw>

## LA GÜEYA

\_\_\_\_\_, eche caña,  
caña de la güena,  
yene hasta los topes ese vaso grande,  
no ande con \_\_\_\_\_.  
Tengo como un juego  
la \_\_\_\_\_ de seca,  
y en el \_\_\_\_\_ tengo como un ñudo,  
que me áhuga y me apreta.

¡Deme esa \_\_\_\_\_...  
¡Quien sabe sus \_\_\_\_\_  
no me dicen algo que me dé \_\_\_\_\_  
pa echar esto \_\_\_\_\_!...

Hoy de \_\_\_\_\_  
yegué a mis taperas,  
y observé en el \_\_\_\_\_ mojáo po'el  
sereno \_\_\_\_\_  
yo no sé que \_\_\_\_\_...

Tal vez de algún \_\_\_\_\_...  
pero ¡de ande \_\_\_\_\_!  
si al lao de mi \_\_\_\_\_ no tengo  
chiquero,  
ni en mi \_\_\_\_\_ hay perra...

Dentré, y a mi \_\_\_\_\_  
la encontré despierta...  
\_\_\_\_\_, eche caña que tengo la  
boca  
lo mesmo que yesca...


Yo tengo, pulpero,  
pa que usté lo sepa  
la \_\_\_\_\_ más linda que han visto  
los ojos  
en tuita la \_\_\_\_\_.

Con eya mi rancho  
ni al \_\_\_\_\_ envidéa...  
pero eche otro \_\_\_\_\_ pa ver si me  
olvido  
que he visto una \_\_\_\_\_...

# “El Viejo Pancho”

O GRAN RIBADENSE DE ALMA  
GAUCHA

AGORA QUE XA SABES MÁIS SOBRE ESTE  
PERSOEIRO, COMPLETA A SEGUINTE  
RECENSIÓN BIOGRÁFICA



Educación



Nacemento e defunción

Carreira literaria



A súa vida



Ribadeo... o seu lar!



Legado



Agora que xa coñecedes moitas cousas sobre "El Viejo Pancho" queda unha última actividade; A RULETA FINAL!

A ver quen obtén máis puntuación...  
A XOGAAR!!



<https://view.genial.ly/661e9e9fe6b76d001413f0f7>





# ENLACES E PÁXINAS WEB DA

## BIOGRAFÍA E ACTIVIDADES

### SOBRE “EL VIEJO PANCHO”

**Genially sobre a vida de José María Alonso Trelles y Jarén:**

<https://view.genial.ly/66113a47d3eeb7001421162a>

**Actividade *rosco de Pasapalabra* en Educaplay:**

<https://es.educaplay.com/recursos-educativos/18606497-jose maria alonso trelles y jaren.html>

**Actividade *encrucillado poema ¡Ay!* en Educaplay:**

[https://es.educaplay.com/recursos-educativos/18667056-poema\\_ay.html](https://es.educaplay.com/recursos-educativos/18667056-poema_ay.html)

**Actividade *ruleta final* en Genially:**

<https://view.genial.ly/661e9e9fe6b76d001413f0f7>



## **EL VIEJO PANCHO**

**XENIAL RIBADENSE DE ALMA GAUCHA**

**UNIDADE DIDÁCTICA**  
**EDUCACIÓN SECUNDARIA**

UNIDADE DIDÁCTICA (ESO):

## EL VIEJO PANCHO: UNHA VIDA ENTRE DOUS MUNDOS

### OBXECTIVOS:

1. Afondar no coñecemento dos dous eixos espaciais que vertebran a vida do Viejo Pancho: Ribadeo e Uruguai.
2. Coñecer os datos máis representativos da vida de José María Alonso-Trelles.
3. Analizar a obra do poeta gauchesco, principalmente a temática e o estilo literario.
4. Desenvolver hábitos de traballo cooperativo no alumnado.
5. Fomentar o espírito crítico, a curiosidade e a creatividade na aprendizaxe.
6. Axudar a coñecer e valorar culturas distintas á propia.
7. Desenvolver as competencias tecnolóxica e artística.

### 1. INTRODUCCIÓN.

José María Alonso-Trelles y Jarén, el Viejo Pancho, é o máis admirado dos poetas criollos rioplatenses. Cúmprase este ano 100 anos do seu pasamento polo que é o momento para achegarnos a esta histórica figura nosa que fixo patria alén do noso mar.

Para comezar esta andaina imos descubrir as pegadas deste ilustre ribadense na nosa vila. A continuación, cruzaremos o Atlántico para coñecer un pouco máis o país que o acolleu e o consagrou como personalidade literaria. Logo, coñeceremos os datos máis importantes da súa biografía e, por último, achegáremonos á súa produción poética.

Deseñamos as seguintes actividades:

#### 1.1. UN PASEO POLO RIBADEO DO VIEJO PANCHO.

Propoñémosvos un reto: seriades capaces de atopar en Ribadeo as seguintes localizacións? Demostrádeo sacando unha foto, en pequenos grupos, destes lugares. Logo, facede unha selección das máis orixinais para elaborar un mural co que decoraredes o corredor do voso centro. Outra opción pode ser elaborar un pequeno vídeo cunha montaxe das fotos e un fondo musical.

Coñeceredes a casa onde naceu o Viejo Pancho así como outros lugares nos que deixou a súa pegada; ademais, comprobaredes canto coñecedes da nosa vila e cantos tesouros escondidos nela vos quedaban por descubrir.


- [Biblioteca El Viejo Pancho.](#)
- [Casa natal de El Viejo Pancho.](#)
- [Busto El Viejo Pancho](#)
- [Rúa El Viejo Pancho](#)
- [Torre de los Moreno](#)
- [Fonte dos Catro Caños](#)

- Convento de Santa Clara.
- Casa do Óptico
- Casa de Sela
- Igrexa da Terceira Orde.
- Capela de San Lázaro.
- Muralla medieval (restos)
- Arco das Angustias
- Capela da Atalaia
- Pazo de Ibáñez

## **1.2 CRUZAMOS O CHARCO PARA COÑECER URUGUAI.**

No 1877 o Viejo Pancho emigra a Uruguai. Alí, na localidade de Tala- departamento de Canelones- viviu dous terzos da súa vida. Este país converterase na súa segunda patria. Que sabes del? Busca información en Internet para cubrir os datos da seguinte ficha que dará resposta á túa curiosidade e che axudará a ampliar os teus horizontes.

# Coñecemos Uruguai



Significado da bandeira:

Capital:

---

Superficie en km<sup>2</sup>:

---

Nº de habitantes:

---

Países cos que limita:


---

Linguas (oficial e minoritarias)



Forma de goberno:

Presidente:




Moeda:

Sectores económicos destacados:

Cidades máis importantes:

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_



## 2. BIOGRAFÍA

### 2.1. LIÑA DO TEMPO

Tócanos agora coñecer a vida entre dous mundos deste ilustre escritor. Para iso debedes elaborar, por parellas, unha liña do tempo na que tedes que sinalar as datas, lugares e feitos máis salientables da súa biografía.

Os datos e información poden ir acompañados dalgunha ilustración, fotografía, símbolo...

NOTA: o alumnado de 1º e 2º ESO pode facer esta liña temporal en orde cronolóxica e os de cursos superiores poden facela en orde inversa.

FICHA 2 ANEXO

RESUMO BIOGRAFÍA ANEXO

### 2.2. VERDADEIRO/ FALSO

Agora xa ides coñecendo a figura deste importante ribadense. É o momento de poñervos a proba con este kahoot no que atoparedes preguntas sobre a súa vida e sobre as distintas homenaxes que lle adicaron na súa vila natal, Ribadeo.

Sorte!

## 3. OBRA

Hai tres personalidades artísticas que definen a figura de Alonso-Trelles: o poeta castizo, o xornalista-animador cultural e o dramaturgo. Imos centrarnos na súa actividade poética:

### 3.1. CADA OVELLA COA SÚA PARELLA.

O obxectivo desta actividade é animarvos a ler e a interactuar coa poesía de forma lúdica. A continuación, ídesvos atopar cunha serie de versos descolocados, sen orde nin concerto, do poema **“A ti, Lola”** que Alonso Trelles lle dedicou á súa muller, Dolores Ricetto, en 1880.

Por parellas deberedes ordenalos para intentar recompoñer o texto orixinal.

(Poema 1 ANEXO: *“Pensando en ti. Lola”*)

e abrindo as súas follas

as fontes e o bosque,

con doces olores,

as inocentes flores

apressado, buscando o teu inocente nome;

Cando estende a noite o seu manto

o ar embalsaman

eu, soñando contigo, cóntoche

e mentres murmuran

con verbas doces os meus tenros amores.

---

tras os cumes altivos asoma,

coma o niño onde dorme

de pura, fragante, balsámica rosa.

e no val ao seu amado inocente

que tenra me menciona...

como fresco encarnado casulo

docérrima arrola a branca pomba;

que amante sorri

Cando o tinte primeiro do abrente

sollo so abrindo na

feliz papoia

aínda miro a túa boca

e os seus raios ardentes inundan

outra vez no meu leito querido  
E mentres Febo percorre  
e cando a noite

mírote á tarde

a alma onde habitas marcha e me deixa.

a alma que te ama

impide que te vexa

que estás na cancela,

no seu carro de lume a esfera,



### 3.2.FOTOGRAFAMOS POEMAS.

É o momento de sacar a vosa vea artística. En pequenos grupos (3-4 persoas) teredes que ilustrar o poema **Vidalitas** seguindo a técnica de **Knolling**. Esta práctica consiste en fotografar obxectos relacionados coa temática do poema dispostos e ordeados sobre unha superficie plana.

As ilustracións resultantes podedes expoñelas no taboleiro da aula.

(Poema 2 **Vidalitas** e exemplos desta técnica no ANEXO)

### 3.3.XOGO DE PISTAS LITERARIAS.

Sodes bos detectives? Alguén moi trampulleiro escondeu pola biblioteca distintas tarxetas con pistas e acertixos que deberedes resolver para coñecer un pouco mellor a obra do Viejo Pancho.

Máis información da actividade no ANEXO.

### 3.5 RECITAL POÉTICO E FORO LITERARIO.

Seguimos explorando o mundo da poesía do Viejo Pancho. Imos facer un pequeno recital poético na aula no que vós sereades os protagonistas. Ides facer vosos os seus poemas poñéndolles voz e alma. Lembraide que a poesía é arte e sentimento, así que iso é o que debedes intentar transmitir. Recordade que tedes que ler despacio, vocalizar ben, ter en conta os cambios de entoación e facer as pausas precisas.

Máis información da actividade no ANEXO.

### 3.6. LETRAS QUE SE FAN MÚSICA.

Analizade entre todos o tema principal que tratan os textos que vos presentamos a continuación:

***A mi hermana Carmen; Versos de Pericón; Insomnio; Volver pr'a atrás; Aproveítate, gaivota.***

TEXTOS 3, 4, 5, 6 ANEXO.

Agora que xa coñecedes a intención do autor, por que non facedes, por grupos, unha lista de Spotify de cancións con temática similar? Aquí van algunhas ideas: amor, desamor, paso do tempo, ausencia...

Non esquezades incluír cancións de diferentes estilos musicais en linguas diversas!

## 4. A NOSA HOMENAXE.

O Viejo Pancho está de aniversario. O próximo 28 de xullo cúmprense 100 anos do seu pasamento. Isto merece unha homenaxe que vós mesmos ides organizar. Debedes deseñar un cartaz que anuncie que actividades organizariades para ese evento. Podedes pensar en

actividades deportivas, musicais, literarias, gastronómicas ou calquera iniciativa lúdica que vos pareza axeitada para poñer en valor a súa figura e achegala a todos os ribadenses.

Podedes empregar as seguintes ferramentas: **Canva, Visme, Pixlr x, Vista Create, Piktochart.**

## ANEXO UNIDADE DIDÁCTICA

### 1. LIÑA DO TEMPO: BIOGRAFÍA

José María Alonso e Trelles naceu en Ribadeo o 7.V.1857. Foi xornalista satírico, dramaturgo e poeta. Cando roldaba os seis anos, o seu pai tomou posesión do posto de director da escola de Navia, alí cursou estudos primarios e fixo amizade con outros futuros emigrantes a América, como Rafael Calzada, que triunfaría na provincia de Buenos Aires. Cara aos quince anos retornou a Ribadeo para estudar na escola mercantil. Co seu título partiu, na segunda metade de 1876, a facer a América no Río da Prata. Viviu dous anos en Chivilcoi (Bos Aires) e despois dunha breve estadía en Montevideo, o aventureiro instalouse, por fin no ano 1877 en El Tala, do departamento de Canelones (Uruguai), centro dunha comunidade de agricultores onde destacaban os inmigrantes canarios. Alí conseguiu traballo nun comercio e namorouse da filla do dono, Dolores Ricetto, a quen lle dedicou un poema inédito, *Pensando en ti, Lola*, datado en abril de 1880. Ao pouco tempo, a parella decidiu probar sorte no estado de Río Grande do Sul, Brasil, onde o novo marido fixo de contable nun establecemento agropecuario. Cara a 1887 retornaron a Talla e Trelles retomou os estudos para facerse procurador. Esta foi a súa principal profesión durante o resto da súa vida. O matrimonio tivo oito fillos, dos cales dous morreron sendo nenos.

En 1902 Trelles asumiu a nacionalidade uruguaia e en 1908 ocupou unha banca na Cámara de Representantes, polo partido Blanco; en 1906 volveu de visita á súa terra galega e asturiana.

Pódese falar de varias facetas da obra literaria de Trelles. A primeira é a dun poeta romántico tardío, que escribiu versos recargados e pouco orixinais. Un segundo e máis interesante lado da súa actividade creadora foi o seu traballo na prensa. Aquí está o xornalismo satírico dos seus dous semanarios *O Talla Cómico* (1894-1898) e *Momentáneas* (1899-1900), que el mesmo dirixiu e dos que foi o principal colaborador; e tamén a serie de artigos posteriores para a prensa provincial uruguaia. Nestas notas criticaba acontecementos políticos locais ou nacionais. En terceiro lugar está a escritura, en verso e en prosa, para o teatro de afeccionados de Tala, que comezou a facer ao pouco de chegar á vila.

Por fin, está a faceta de poeta gauchesco, a do Vello Pancho. A súa obra mestra, *Palla brava* (1916) logrou un éxito popular e un recoñecemento crítico perdurables, con máis dunha vintena de edicións ata os nosos días, e inspirou unha serie de temas musicais clásicos e populares, interpretados por nomes tan respectados como Eduardo Fabini ou Carlos Gardel.

Morreu en Montevideo en 1924 e foi enterrado no Tala.



# El Viejo Pancho

## Nacemento

JOSÉ MARÍA ALONSO E  
TRELLES NACEU EN RIBADEO  
O 7.V.1857



## Educación

Cando roldaba os seis anos, o seu pai tomou posesión do posto de director da escola de Navia. Alí cursou estudos primarios e fixo amizade con outros futuros emigrantes a América, como Rafael Calzada, que triunfaría na provincia de Buenos Aires. Cara aos quince anos retornou a Ribadeo para estudar na escola mercantil.

## Alén do mar

Co seu título partiu, na segunda metade de 1876, a facer a América no Río da Prata.

Despois dunha breve estada en Montevideo, o aventureiro continuou ata Arxentina, asentándose no pobo de Chivilcoy, provincia de Buenos Aires.

En 1877 trasladouse a Chivilcoy (Bos Aires), e despois dunha breve estada en Montevideo, instalouse en El Tala, departamento de Canelones (Uruguai), centro dunha comunidade de agricultores onde destacaban os inmigrantes canarios.

Alí conseguiu traballo nun comercio e namorouse da filla do dono, Dolores Ricetto, a quen lle dedicou un poema inédito, *Pensando en ti, Lola*, datado en abril de 1880.

Ao pouco tempo, a parella decidiu probar sorte no estado de Río Grande do Sul, Brasil, onde o novo marido fixo de contable nun establecemento agropecuario.

Cara a 1887 retornaron a Tala e Trelles retomou os estudos para facerse procurador. Esta foi a súa principal profesión durante o resto da súa vida. O matrimonio tivo oito fillos, dos cales dous morreron sendo nenos.

En 1902 Trelles asumiu a nacionalidade uruguia e en 1908 ocupou unha banca na Cámara de Representantes, polo partido Blanco. En 1906 volveu de visita á súa terra galega e asturiana.



Poeta gauchesco

A súa obra mestra, *Palla brava* (1916) logrou un éxito popular e un recoñecemento crítico perdurables, con máis dunha vintena de edicións ata os nosos días, e inspirou unha serie de temas musicais clásicos e populares, interpretados por nomes tan respectados como Eduardo Fabini ou Carlos Gardel.

## Xornalista

Unha faceta interesante da súa actividade creadora foi o seu traballo na prensa. Aquí está o xornalismo satírico dos seus dous semanarios *O Talla Cómico* (1894-1898) e *Momentáneas* (1899-1900), que el mesmo dirixiu e dos que foi o principal colaborador; e tamén a serie de artigos posteriores para a prensa provincial uruguia. Nestas notas criticaba acontecementos políticos locais ou nacionais.

Morreu en  
Montevideo  
en 1924 e  
foi  
enterrado no  
Tala.

## **2. CADA OVELLA COA SÚA PARELLA.**

### ***Pensando en ti, lola***

Cando estende a noite o seu manto  
e a natureza nas súas sombras se acolle,  
apresurado, buscando o meu leito  
durmo e pronuncio o teu inocente nome;  
e mentres murmuran  
as fontes e o bosque,  
e abrindo as súas follas  
as inocentes flores  
o ar embalsaman  
con doces olores,  
eu, soñando contigo, cóntoche  
con verbas doces os meus tenros amores.

Cando o tinte primeiro do abrente  
tras os cumes altivos asoma,  
e no val ao seu amado inocente  
docérrima arrola a branca pomba;  
eu abrindo os ollos  
aínda miro a túa boca  
que amante sorrí  
que tenra me menciona...  
coma o niño onde dorme  
feliz papoia

como fresco encarnado casulo  
de pura, fragante, balsámica rosa.

E mentres Febo percorre  
no seu carro de lume a esfera,  
e os seus raios ardentes inundan  
os vales, os ríos, os montes e selvas;  
a alma que te ama  
lémbtrate onde queira que estea,  
mírote á tarde  
que estás na cancela,  
e cando a noite  
impide que te vexa  
outra vez no meu leito querido  
a alma onde habitas marcha e me deixa.

### **3. "Fotografando poemas"**

#### ***Vidalitas***

Non hai ceo máis precioso,  
*vidalítá,*  
que o ceo uruguaio;  
nin sol máis fermoso,  
*vidalítá,*  
que o meu Sol de Maio.

Ceo e sol unidos,

*vidalítá,*

van na miña bandeira;

que ela me amortalle,

*vidalítá,*

cando eu feneza.

É a patria miña,

*vidalítá,*

de Deus o feitizo.

E aínda que é moi pequena,

*vidalítá,*

todo un paraíso.

En outeiros e vales,

*vidalítá,*

serras e chancelas,

por todas partes se respiran,

*vidalítá,*

las auras máis honestas.

Himnos nunca oídos,

*vidalítá,*

cantan as súas boscaxes,

habitadas por aves,

*vidalita,*

de ricas plumaxes.

De entre os trevos xorden,

*vidalita,*

as flores máis gaias,

que adornan as trenzas,

*vidalita,*

das uruguaias.

A miña patria e a gloria,

*vidalita,*

fixéronse amigas:

porque foi esta terra,

*vidalita,*

o berce de Artigas.



4. Ejemplos Knolling:



## **XOGO DAS PISTAS LITERARIAS**

Para a realización deste xogo, cómpre preparar previamente distintas tarxetas con pistas literarias relacionadas coa obra do autor; poden ser acertixos, referencias a personaxes ou lugares. Estarán escondidas en diferentes lugares da aula, da biblioteca ou do espazo onde se desenvolva o xogo.

O alumnado, por equipos, deberá atopar as tarxetas e resolver as pistas. Pódese outorgar un premio simbólico ó equipo gañador.

## **RECITAL POÉTICO**

Cos textos seleccionados neste anexo, ou calquera outro aportado polo profesorado, invitamos o alumnado a facer un círculo central na aula. Voluntariamente, algún alumno ou alumna irá recitando os textos poéticos proxectados na pantalla da mesma.

A continuación, o alumnado-organizado en pequenos grupos- terá que analizar un dos poemas recitados. Para esta tarefa prestará especial atención ós seguintes aspectos: voz poética, tema, contido, imaxes, emocións transmitidas (cales son as imaxes máis representativas do poema?, que emocións nos transmite o poeta?...). Finalmente, levarase a cabo unha posta en común dos comentarios literarios realizados.

## **LETRAS QUE SE FAN MÚSICA.**

### **“A mi hermana, Carmen”**

Leva este, Carmen querida,  
el pedazo d mi alma  
en donde tu amor anida  
do tu imagen escondida  
da a mi ser ventura y calma.  
A tu cariño sincero  
recomiendo su acogida,  
advirtiéndote primero  
que es, tal vez, el mensajero  
de mi próxima partida.

Aunque impasible le veas  
a tus caricias amantes  
no en ello olvido preveas  
ni que ya no te amo creas

que hoy te amo cul te amé antes.

### **VERSOS DE *PERICÓN***

C.—No xardinciño da miña alma  
fixen sementeiro de anhelos,  
e queimoumo ao nacer  
a xeadá dos teus despezos.

S.—Iso pásalle ao máis vivo  
que se pon de xardineiro,  
cando ignora que hai semente  
que non nacen fóra de tempo.

C.—Despois de me despreciáres  
os meus caraveis floreceron,  
porque é tanto o que choro,  
que con bágoas xa os rego.

S.—Se é verdade, non o diga,  
xa que non haberá quen o queira,  
sabendo que fan os seus ollos  
labor de regadeira.

C.—Quereme un pouco, *chiruza*,  
que de morrer miña nai vén,  
e é o máis triste do mundo  
que a un non o queira ninguén.

## INSOMNIO (extracto)

### I

A través do revoltó  
cristal do recordo antergo  
van os meus anos mozos  
pasando moi lentos.  
E despois de que goce  
se volvo a vivilos noutro tempo,  
pensando nos de agora  
non sei o que sinto neste momento...

### II

A porta do *rancho*  
treme porque o cadelo  
tremelica contra ela  
de frío e de medo...  
Todiño é xeo afora,  
todiño é frío adentro,  
e as horas pasan,  
e eu xa nin sono teño;  
e, pra peor, no fondo  
dos meus pensamentos  
brillan acendidos  
dous ollos *matreros*  
que persigo en van

pra quedar deles preto...

Son os ollos meigos

para os que esquecemento non teño,

porque xa para sempre

me furtaron o sosego.

### **VOLVER PR'ATRÁS** (extracto)

Cando chegues a vello a forza de padecer

coma min, xa verás

porque coma o caranguexo querería ser

que camiña sempre pr'atrás.

Que vivir outra vez o que xa vivimos

se foi amargo o transitar,

é sufrir outra vez o que xa sufrimos,

que é moito peor que finar?

Pero tamén vai facéndose pouco a pouco

calo no corazón...

Ben amarga é a herba e eu son un louco

polo *mate cimarrón*!

### **APROVÉITATE, GAIVOTA**

Sobre a seda duns beizos vermellos e cerollos

bebe, *gurí*, con sede tola e ardente

da apócema do amor a copa...

Afróuxalles o cabestro aos antollos,

que, quizais, a *achura* que galopa

*empácaseche* de repente,

sen nin darche tempo a pechar os ollos.